



XI Encontros para a normalización lingüística

Consello da Cultura Galega

12 e 13 de febreiro de 2009

Análise da acción de política lingüística desde o goberno galego nos últimos catro anos e propostas para a vindeira lexislatura

Nel Vidal Barral*

Comisión Técnica do CDSG

1	OS ORGANISMOS E OS RECURSOS	2
2	AS ACCIÓNS	18
3	CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS XERAIS	34
4	ANEXO 1: Cadros de análise orzamentaria de Política Lingüística na Xunta de Galicia (2005-2009)	37

O obxectivo deste relatorio da Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia¹ do Consello da Cultura Galega é facer unha análise da acción de política lingüística desde a Xunta nesta última lexislatura na que, logo de case 16 anos de goberno do Partido Popular, o executivo estivo formado polo PSdeG-PSOE e polo BNG, logo das eleccións ao Parlamento que tiveron lugar en xuño de 2005 e que supuxeron unha nova maioría parlamentaria que significou un cambio de goberno en Galiza.

No relatorio farase, en primeiro lugar, unha descrición dos organismos e recursos de que se dotou o goberno na lexislatura, o cambio de organigrama co paso dunha Dirección Xeral de Política Lingüística na Consellería de Educación a unha Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) dependente da Presidencia, a creación de dúas comisións e os orzamentos aprobados nos catro anos de goberno.

A continuación farase unha descrición da acción desenvolvida: a tentativa de constitución do Consorcio de Planificación Lingüística, a capacidade de transversalidade, a formación e a acreditación dos coñecementos de galego, as medidas de fomento do uso da lingua galega, a colaboración con entidades e sectores e a difusión exterior da lingua.

Ao longo de toda a análise tratarase de ir facendo unha comparanza con anteriores lexislaturas e de ir dando propostas de criterios xerais de mellora. E para rematar faremos unhas conclusións e propostas xerais.

¹ Esta comisión está formada por Henrique Monteagudo Romero (director), Manuel Bermúdez Blanco, Concepción Cochón Rodríguez, Agustín Fernández Paz, Valentín García Gómez, Anxo M. Lorenzo Suárez, Susana Mayo Redondo, Goretti Sanmartín Rei e Nel Vidal Barral.

1 OS ORGANISMOS E OS RECURSOS

1.1 Dunha dirección xeral a unha secretaría xeral. A posición no organigrama e as funcións da Secretaría Xeral de Política Lingüística

O punto de partida ten que ser o acordo que o PSdeG-PSOE e o BNG asinaron en xullo de 2005 sobre as bases programáticas para a acción do goberno, no que se sinala que un dos obxectivos principais da Xunta nos anos 2005-2009 será avanzar na normalización da nosa lingua como elemento básico de identidade do noso pobo e no que se acorda crear unha Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) que sexa competencia da Presidencia e que integre a Dirección Xeral existente, até ese momento inserida na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Deste xeito, e logo de adscribirse formalmente a SXPL á Presidencia da Xunta mediante o Decreto 231/2005, co Decreto 44/2006 desenvolveuse unha estrutura orgánica superior até o nivel de xefatura de servizo, e xa coa especificación e distribución de funcións correspondente. Sen alteracións substanciais, este decreto foi modificado polo 145/2007 e finalmente polo 211/2008, co que se crea unha nova Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística. De acordo con estes decretos, a SXPL descríbese como o órgano superior da Administración autonómica en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Mentres á antiga Dirección Xeral só se lle atribuían as funcións derivadas do ensino da lingua en xeral e de promoción dentro do ámbito da Consellería de Educación (véxase o artigo 9 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se

estabelece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), esta nova Secretaría Xeral ten unhas competencias moito máis amplas que pouco ou nada se semellan ás da antiga Dirección Xeral, e que son agora posíbeis polo novo posicionamento no organigrama ao non depender de ningunha consellaría concreta e poder intervir en todos os ámbitos.

Así, aínda que o Goberno no seu conxunto é responsábel da política lingüística, hai un órgano superior encargado de «impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía, de velar pola aplicación da política lingüística que estableceza o Goberno e de coordinar as accións e medidas dos diversos departamentos en materia de política lingüística», en definitiva, encargado da «dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia».

Deste xeito, a nova Secretaría Xeral pasa a ter moitas funcións que en lexislaturas anteriores non eran competencia da Dirección Xeral ou, cando menos, non tiña especificadas, como, por exemplo:

- Elaborar propostas lexislativas e regulamentarias que potencien a normalización do galego.
- Coordinar as medidas de política lingüística dos distintos departamentos da Xunta.
- Promover, impulsar e coordinar o labor dos servizos de normalización lingüística doutros organismos e administracións públicas.
- Programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galiza co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.
- Emitir informe dos proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que promovan os distintos departamentos da Xunta e que poidan ter incidencia sobre a normalización do uso do galego ou sobre a política lingüística en xeral.
- E outras deste teor.

A pesar desta superior posición no organigrama xeral do Goberno, das maiores competencias e das moitas novas funcións, a estrutura interna da nova Secretaría Xeral mantense practicamente sen variacións, cunha subdirección xeral e con tres servizos, até 2008, cando se crea unha nova subdirección xeral.

Estrutura orgánica da Dirección Xeral de Política Lingüística (en 2005)		Estrutura orgánica da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en 2009)	
Subdirección Xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega Funcións de coordinación e xestión de actividades e ensino da lingua, control orzamentario e coordinación administrativa. Tres servizos:		Subdirección Xeral de Política Lingüística Funcións de coordinación, seguimento e control dos programas de formación e da xestión das actividades. Dous servizos:	
	Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega Funcións de formación		Servizo de Formación, Asesoramento Lingüístico e Proxección Exterior da Lingua Funcións de formación, asesoramento e proxección exterior
	Servizo de Xestión e Promoción Lingüística Funcións de xestión orzamentaria, convenios, subvencións e contratacións		Servizo de Xestión e Promoción Lingüística Funcións de xestión orzamentaria, convenios, subvencións e contratacións
	Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades Funcións administrativas e de apoio ao CRPIH	Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (pasa a depender directamente da Secretaría Xeral e non da Subdirección Xeral) Función de desenvolvemento de proxectos e programas de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos para a normalización da lingua galega	
		Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística (creada en 2008) Funcións de planificación e execución das accións normalizadoras	
Gabinetes provinciais Funcións no ámbito da formación		Gabinetes provinciais Funcións no ámbito da formación	

A necesidade, e a lóxica, polas novas competencias, deberían facer pensar nunha estrutura máis completa, con algunha dirección xeral e máis servizos, sobre todo ante a non constitución doutros organismos previstos, como o instituto de promoción exterior da lingua, o Consorcio de Planificación Lingüística e o Consorcio de Terminoloxía, dos que falaremos máis adiante,

pois non ten lóxica asumir a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística do conxunto do Goberno con practicamente a mesma estrutura desde a que se desenvolvían funcións de ensino e de promoción dentro do ámbito dunha consellaría.

Ademais, polas súas funcións actuais, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades non debería depender, nin económica nin organicamente, da SXPL, como xa se reclamou en numerosas ocasións e desde diversos ámbitos e como se anunciou tamén máis dunha vez por parte da propia Xunta (chegou a anunciálo o propio presidente da Xunta nunha intervención pública no mesmo Centro). As súas funcións e moitos dos proxectos que desenvolve non perseguen os obxectivos que son propios da SXPL, polo que semella razoábel que, ou ben se redefina completamente o labor do centro, ou pase a depender dalgunha consellaría con competencias nos ámbitos nos que traballa, como Cultura, Educación ou Innovación.

O novo posicionamento orgánico da SXPL na cúspide da organización, desde a que, en principio, se permite a transversalidade, así como as súas novas competencias, é algo que se facía lóxico e necesario, polo que se valora como positivo, mais unha estrutura orgánica tan insuficiente desvirtúa ese posicionamento e trae como consecuencia que non sexan desenvolvidas convenientemente todas as funcións que lle son atribuídas, sobre todo cando practicamente non houbo ningunha modificación no cadro de persoal, con evidentes e graves carencias en persoal especializado en planificación lingüística.

1.2 As comisións

Aínda que, como xa se dixo, ningún dos organismos relacionados coa lingua en principio anunciados chegou a se constituír, si se constituíron dúas comisións, a Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da

Lingua Galega e a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística.

A Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega

Xa na propia addenda ao acordo sobre as bases programáticas para a acción do goberno galego que asinaron en xullo de 2005 o PSdeG-PSOE e o BNG estableceuse que existiría unha Comisión Interdepartamental de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. A SXPL dependería da Presidencia da Xunta, unha área do PSdeG-PSOE, mais como ese departamento debería planificar, dirixir e coordinar as accións e medidas dos diversos departamentos en materia de política lingüística, o deseño e a aplicación desta debería facerse por consenso, e a finalidade primeira desta Comisión sería xusto esa, consensuar o deseño e aplicación da política lingüística da Xunta.

Aínda que segundo o texto dese acordo a Comisión estaría constituída por representantes das consellarías de Educación e Ordenación Universitaria e de Cultura e Deporte, e das secretarías xerais de Comunicación e de Relacións Institucionais, e presidida polo ou pola titular da SXPL, finalmente o Decreto 58/2006 polo que se crea e regula o seu funcionamento establece que dúas das persoas vogais deberían ser nomeadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e outras dúas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. En todo caso, dúas das persoas foron nomeadas por áreas do PSdeG-PSOE e outras dúas por áreas do BNG.

Ese decreto que regula a comisión atribúelle as funcións de:

- Consensuar o deseño e aplicación das políticas da Xunta no marco do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).
- Impulso, desenvolvemento e seguimento do PXNL.

- Realización de propostas á SXPL en todas as funcións que a esta se lle atribúen na súa estrutura orgánica.
- Estudar e emitir informes sobre iniciativas que se lle propoñan á SXPL desde outras institucións.
- Emitir informe sobre os proxectos de decretos, ordes, plans de actuación e desenvolvemento e liñas estratéxicas da SXPL.
- Emitir informe sobre os proxectos de decretos, ordes e plans que no ámbito da lingua impulsen as diferentes consellarías.

As numerosas renuncias e cambios de persoas² que houbo na comisión e a nula visibilidade que a esta se lle deu desde a SXPL, son indicios significativos do seu irregular e deficiente funcionamento, sobre todo cando en principio tan importante era o papel para o que foi creada: nin máis nin menos que consensuar a política lingüística das dúas organizacións que constitúen o Goberno galego.

Aínda que do traballo dunha Comisión a priori tan importante pouco ou nada se fixo visíbel³, que non cumpriu a súa finalidade evidénciase nas insatisfaccións e nas críticas que transcenderon do BNG á política da SXPL que, como é obvio, non existirían se realmente a acción de SXPL partise das propostas, acordos e consensos aos que se chegase nesa Comisión constituída polas dúas organizacións que forman o goberno.

A Comisión Interdepartamental para a Normalización Lingüística

² Nun primeiro momento a Comisión estivo formada, ademais de pola secretaria xeral de Política Lingüística, por Xosé González Martínez e Håkan Casares Berg (nomeados polo PSdeG-PSOE) e Alberte Ansedo Estraviz e Manuel Portas Fernández (nomeados polo BNG). O primeiro en abandonar a Comisión foi Manuel Portas, que foi substituído por Goretti Sanmartín, e logo marcharon Xosé González e Håkan Casares, que foron substituídos por Francisco Martínez Hidalgo e Soledad Ríos Santomé; finalmente, Goretti Sanmartín tamén a abandonou en xuño de 2008.

³ Por exemplo, no sitio web da SXPL só se fai referencia a esa Comisión nun segundo plano do subapartado do PXNLG, e a única información que se dá son os nomes dos seus membros (que o día da consulta nin sequera estaban actualizados), e non se fai referencia aos seus obxectivos, ás súas funcións nin ao seu traballo.

Mais a de Seguimento e Impulso do PXNLG non foi a única comisión creada nesta lexislatura, pois tamén se creou unha Comisión Interdepartamental para a Normalización Lingüística, como órgano de impulso e coordinación do proceso de normalización lingüística no ámbito da Administración autonómica, e con funcións sempre internas á propia Xunta, a diferenza daqueloutra Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, que fora creada en 1990 polo goberno popular e que si tiña funcións de fomento da lingua máis aló da propia administración autonómica.

Esta nova Comisión Interdepartamental creada en 2007 (Decreto 258/2006, *DOG* do 18/1/07) está formada, ademais de polo/a titular da Presidencia da Xunta e polo/a secretario/a xeral de Política Lingüística, por todos/as os/as secretarios/as xerais da Presidencia, da Vicepresidencia e de todas as consellarías, conta cunha comisión executiva formada por funcionarios/as responsábeis de subdireccións xerais das distintas consellarías, e prevé, ademais, a creación de comisións de traballo por departamentos.

As súas funcións son definir e promover accións encamiñadas ao fomento e ao uso do galego nos diferentes ámbitos da Xunta, para asegurar o cumprimento da lexislación lingüística e garantir o respecto dos dereitos lingüísticos, e para procurar que o galego sexa lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións da Administración autonómica coa cidadanía. En xeral, de impulsar e coordinar o proceso de normalización da lingua galega na área Xunta de Galicia do sector Administración do PXNLG.

Os organismos que procuran a implicación das distintas áreas na política lingüística son sempre importantes, aínda que non exentos de grandes dificultades, sobre todo, neste caso, pola amplitude, que complica en exceso a súa operatividade. Aínda que desde esta Comisión Interdepartamental se iniciaron algúns traballos de análise de usos lingüísticos nos diferentes departamentos, os dous grandes obxectivos marcados para 2007, a aprobación de plans de normalización lingüística de cada organismo da administración

autonómica e a aprobación dun regulamento de usos lingüísticos da Xunta, a día de hoxe, en febreiro de 2009, dous anos despois, aínda non están cumpridos.

1.3 Os orzamentos⁴

Os orzamentos das administracións son sempre indicativos e reflicten en boa medida as súas prioridades, tanto polas cantidades asignadas para cada departamento en comparanza co total, como pola distribución en programas que se fai dentro de cada departamento, onde numericamente se reflicten preferencias e, polo tanto, políticas.

E logo de ser analizados, os orzamentos para a política lingüística nesta legislatura de goberno bipartito téñense que considerar claramente continuístas con respecto ás anteriores de gobernos populares, tanto polas cantidades totais asignadas como pola distribución en conceptos que destas se fixo.

Un dato significativo dese continuísmo, sen entrar aínda en cifras, é a propia distribución das cantidades en conceptos en cada un dos capítulos do orzamento, pois durante os catro anos de goberno bipartito utilizáronse exactamente os mesmos conceptos que nos anos de goberno popular. Nin sequera iso variou. Onde antes había «subvencións a empresas editoriais para proxectos en lingua galega», agora tamén hai «subvencións a empresas editoriais para proxectos en lingua galega»; onde antes había «convenios con medios de comunicación», agora tamén hai «convenios con medios de comunicación»; onde antes había «bolsas de investigación do persoal do Centro Ramón Piñeiro», agora tamén hai «bolsas de investigación do persoal do Centro Ramón Piñeiro»; etc. Non se quere dicir con isto que estes conceptos tivesen que variar, ou si, mais, por exemplo, parece que a ninguén

⁴ Véxanse os cadros de análise orzamentaria de Política Lingüística na Xunta (2005-2009) no [Anexo 1](#).

se lle ocorreu que se hai subvencións a empresas editoriais para a edición de libro galego, algo que parece lóxico, por que non pode haber tamén subvencións a empresas discográficas para a edición de disco en galego?, ou se hai convenios con medios de comunicación, por que non pode haber nos propios orzamentos, por exemplo, convenios con produtoras audiovisuais ou con salas de cinema para a produción e distribución de filmes en galego? Son estes só algúns exemplos entre moitos outros que se poderían pór.


Isto, tan significativo do continuísmo, e tamén da falta de imaxinación para dedicar cantidades económicas a novas necesidades, facilitounos notabelmente o traballo á hora de poder comparar as cantidades destinadas a cada concepto durante os anos do goberno popular e os anos do goberno bipartito, pois o esquema utilizado puido ser o mesmo na análise de todos os anos. De todos os conceptos que había nos orzamentos de 2005, ningún deles desapareceu; a única variación que houbo foi a incorporación de tres novos: transferencia ao Consorcio Audiovisual de Galicia (nos anos 2007, 2008 e 2009), transferencia ao Consorcio de Terminoloxía (nos anos 2007 e 2008) e transferencia ao Consorcio de Planificación Lingüística (tamén nos anos 2007 e 2008). Como é lóxico, as transferencias aos consorcios de Terminoloxía e de Planificación Lingüística desapareceron nos orzamentos de 2009, pois son dous organismos que a día de hoxe aínda non existen.

E para a análise das cifras, cómpre facer en primeiro lugar unha aclaración. Os orzamentos da Dirección Xeral de Política Lingüística durante o goberno do Partido Popular non recollían o capítulo 1, o destinado aos gastos de persoal, pois estes estaban inseridos nos gastos xerais de persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que é difícil deducir esa cifra. A partir de 2006, os gastos de persoal si se contabilizan no orzamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o que condiciona toda a análise que imos facer. Aínda que veremos a evolución do capítulo 1 entre os anos 2006-2009, o máis xusto e obxectivo parécenos facer a análise xeral sen contabilizar os gastos de persoal en ningún dos anos.

Deste xeito, mentres o orzamento total da Dirección Xeral de Política Lingüística no último ano de goberno popular foi de 19.830.935 €, esa cifra foi subindo de xeito moi moderado os tres primeiros anos de goberno bipartito, con subidas que nunca chegaron a superar o 4%. Sen contabilizar o capítulo 1, igual que en 2005:

- O orzamento de 2006 foi de 20.584.559 €.
- O de 2007 de 21.328.467 €.
- E o de 2008 de 21.390.710 €.
- Mais en 2009 rómpese a liña ascendente e o último orzamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística do goberno bipartito (19.479.984 €) é aínda inferior ao último orzamento da Dirección Xeral de Política Lingüística do goberno popular (19.830.935 €).


**Evolución
orzamento
2005-2009**



CAPÍTULO 1: GASTOS DE PERSOAL

Analizando o orzamento por capítulos vemos como o capítulo 1, o de gastos de persoal, foi aumentando ano a ano entre 2006 e 2009. Mentres en 2006 se lle dedicou 1.303.332 €, en 2009 dedícanse 2.051.393 €, cun ritmo de crecemento anual de entre o 10% e o 20%.

Evolución
orçamento
2005-2009
Capítulo 1




Obxecto de gasto: **Gastos de persoal**

CAPÍTULO 2: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

O capítulo 2, correspondente a gastos en bens correntes e servizos, é o que menos nos interesa analizar, pois inclúe gastos relativamente pequenos e pouco significativos para a política lingüística como, por exemplo, enerxía eléctrica, auga, consumíbeis, teléfono, correspondencia, etc.

Evolución
orçamento
2005-2009
Capítulo 2




Obxecto de gasto: **Gastos en bens correntes e servizos**

CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES

Principalmente son as subvencións e as bolsas o que forman o capítulo 4, correspondente a transferencias correntes: subvencións a empresas editoriais, a centros privados para ENDL e a entidades sen fin de lucro e bolsas do Centro Ramón Piñeiro. Entre 2007 e 2009 inclúese neste capítulo tamén un concepto de bolsas en lectorados (que nos orzamentos de 2005 e 2006 están no capítulo

7) e nos orzamentos de 2007 e 2008 un concepto para o Consorcio de Planificación Lingüística. Até 2006 incluíanse tamén as subvencións a empresas privadas, que non figuraban cun concepto específico, mais que desapareceron en 2007.




A verdade é que a pesar destas variacións nos conceptos as cifras globais da partida non experimentaron demasiados cambios:

- 3.425.730 € en 2005;
- 3.596.730 € en 2006;
- 3.776.730 € en 2007;
- 3.780.343 € en 2008;
- e báixase aos 3.432.551 € en 2009.

Non obstante si que hai algunhas cuestións significativas que cómpre comentar deste capítulo: os 540.000 € de 2007 e os 640.936 € de 2008 que en principio se destinarían ao inexistente Consorcio de Planificación Lingüística; a desaparición das subvencións a empresas privadas; o incremento das contías para bolsas do Centro Ramón Piñeiro, para ENDL de centros privados e para subvencións a asociacións, e a baixada da contía para empresas editoriais.

CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS

Os investimentos reais (capítulo 6) sufriron unha evolución igual á tendencia xeral dos orzamentos da SXPL: lixeira subida até 2008 e baixada en 2009 a cifras inferiores ás de 2005. A cantidade máxima do goberno bipartito foi de 15.463.386 nos anos 2007 e 2008; a cantidade do último ano do goberno do PP foi de 14.561.540 €, e a cifra recollida nos actuais orzamentos de 2009 é medio millón de euros inferior a esa: 14.097.974 €.




Neste capítulo hai un salto cuantitativo importante entre 2006 e 2007 nos conceptos destinados a campañas de normalización lingüística, cando se pasa de pouco máis de catro millóns de euros a case seis, e no concepto de cursos e actividades de formación, cando se pasa de 1.600.000 € a 2.900.000 €. Esta suba de tres millóns de euros en campañas e en formación compénsase coa baixada deses mesmos tres millóns de euros en convenios con medios de comunicación. Tamén se inclúen neste capítulo, con tendencia de incremento até 2008, cantidades correspondentes a estudos e traballos de investigación (1.281.461 € en 2009) e a proxectos de fomento e formación en centros educativos non universitarios (un millón de euros en 2009, fronte aos 680.000 € en 2005).

CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

E as transferencias de capital son as que sufriron menor variación ao longo dos cinco anos analizados. Nese capítulo 7 inclúense as transferencias a

corporacións locais para a normalización lingüística, con cantidades que descendieron desde os 751.266 € de 2005 a 648.030 € de 2009⁵; e outras transferencias que practicamente se mantiveron sen cambios: á Real Academia Galega (60.102 € todos os anos), á Fundación Galicia-América (60.100 € todos os anos) ou a universidades do resto do Estado. O concepto que máis variou foi o de transferencias a universidades e centros do estranxeiro para a creación de lectorados, que subiu desde os 393.213 € de 2005 a 645.000 € de 2009.



E apareceron tamén nas transferencias de capital tres novos conceptos en 2007: as transferencias ao Consorcio Audiovisual, ao Consorcio Termigal e ao Consorcio de Planificación. A do primeiro mantense en 120.000 € até este 2009, mais a dos outros dous non creados consorcios desapareceron nos últimos orzamentos.


GLOBAL E COMPARATIVA CO TOTAL

Se ben é certo, como acabamos de ver, que durante os tres primeiros anos da lexislatura os orzamentos globais da SXPL marcaron unha liña lixeiramente ascendente, tamén é certo que, en primeiro lugar, esa liña caeu totalmente en 2009, cando se volveu ás cifras orzamentarias do goberno do Partido Popular

⁵ Aínda que cómpre ter en conta que esta cantidade de subvencións a entidades locais se complementa con outra partida de 153.678 € (en 2009) da Dirección Xeral de Administración Local.

e, en segundo lugar, que o crecemento do orzamento da SXPL foi sempre moi por debaixo dos orzamentos totais da Xunta.

- Mentres os totais da Xunta medraron en 2006 un 9%, a porcentaxe de subida dos da SXPL quedou no 3,8%.
- Mentres os totais da Xunta medraron en 2007 un 8,8%, a porcentaxe de subida dos da SXPL quedou no 3,6%.
- Mentres os totais da Xunta medraron en 2008 un 7,3%, a porcentaxe de subida dos da SXPL quedou tan só no 0,3%.
- E, finalmente, mentres os totais da Xunta medraron neste último orzamento de 2009 un 1,7%, os da SXPL baixaron un 8,9%⁶.




E, logo de analizadas todas estas cifras, cal é a porcentaxe sobre o orzamento total que desde a Xunta se lle dedicou nos últimos anos á política lingüística? Pois, porcentualmente en comparanza co total, os cartos dedicados á Política

⁶ Estas porcentaxes están calculadas sen contar o capítulo 1 en ningún dos anos, para poder así facer a comparanza cos orzamentos de 2005, nos que non se contabiliza ese capítulo.

Lingüística desde a Xunta foron descendendo ano a ano. Mentres en 2005 o goberno do Partido Popular lle dedicou o 0,23%; en 2009 dedícaselle o 0,17%.

- 2005: 0,2247%
- 2006: 0,2140%
- 2007: 0,2038%
- 2008: 0,1906%
- 2009: 0,1706%



E para a nova lexislatura non consideramos excesivamente ambicioso se propomos que se lle dedique á lingua o 0,3% dos recursos totais.

Mais, se ben é certo que os orzamentos son fundamentais, cos mesmos recursos aplicados dunha ou doutra maneira pódense desempeñar accións cuns ou con outros criterios e aproveitar e rendibilizar os medios de xeito moi distinto, polo que, ademais dos organismos e os recursos, cómpre analizar as accións.

2 AS ACCIÓNS

2.1 A tentativa de constitución do Consorcio para a Planificación Lingüística

Parecía lóxico que unha das novas tarefas da SXPL tiña que ser a (re)organización e (re)aproveitamento de todos os servizos de normalización lingüística (SNL) espallados polo país, creados de xeito irregular e non planificado ao longo dos últimos 20 anos, principalmente en administracións locais.

Xa en 1998, nos II Encontros para a normalización lingüística, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) presentou unha proposta de comarcalización deses servizos. Non tiña sentido, nin o ten, o traballo individual de cada un dos SNL sen unha planificación e coordinación a nivel galego; non tiña sentido, nin o ten, a situación tan desigual de cada un deses departamentos; non tiña sentido, nin o ten, a inestabilidade e falta de continuidade; non tiña sentido, nin o ten, o mal aproveitamento dos recursos; non tiña sentido, nin o ten, a aleatoria e desigual distribución xeográfica; non tiña sentido, nin o ten, que desde a Xunta se desenvolvan accións sen contar nunca cos SNL e sen aproveitar a súa distribución territorial para chegar ao conxunto do territorio; etc.

Por esas razóns, desde a CTNL presentouse unha proposta para a creación dunha estrutura estábel participada polas distintas entidades responsábeis, principalmente administración autonómica e local, coa que se crease unha rede estruturada de unidades territoriais, de servizos de normalización lingüística de ámbito comarcal en todo o país. A figura xurídica que se consideraba máis axeitada para ese fin era a dun consorcio. A proposta, que foi amplamente espallada e presentada, entre outros, á Xunta, á Fegamp e ás distintas organización políticas, permitía a unificación de esforzos, a planificación, a

coordinación, a optimización de recursos, etc. O modelo presentado, ao que en principio todos lle vían vantaxes, non foi asumido na práctica pola administración.

Mais en 2005, coa constitución do novo goberno bipartito, parecía que as cousas ían mudar. Por unha banda, unha das organizacións que constituían o executivo, o BNG, incluía no seu programa de goberno a creación dunha estrutura nacional consorciada para coordinación de servizos de normalización lingüística multidisciplinares e con capacidade de intervención social, e por outra banda, unha das funcións que lle foi asignada á SXPL no Decreto 44/2006 foi «promover, impulsar e coordinar o labor dos servizos de normalización doutros organismos e administracións públicas, así como dos entes e consorcios interadministrativos que se creen para favorecer e axilizar o proceso de normalización lingüística».

E, deste xeito, desde a CTNL volveuse insistir no proxecto e desde a administración comezaronse a dar os primeiros pasos. Discutíronse propostas, posibilidades, modelos..., e finalmente a SXPL decidiu crear dous consorcios, un de Planificación Lingüística e outro de Terminoloxía. Aínda que esta división non era a proposta inicial e había cousas discutíbeis e mellorábeis, os avances serían claros e evidentes.

O Consorcio de Terminoloxía estaría formado pola Xunta, a Real Academia Galega e as tres universidades galegas e encargaríase dunha parte da planificación lingüística do corpus: a fixación terminolóxica e a elaboración e difusión de recursos de léxico especializado.

O obxecto do Consorcio para a Planificación Lingüística sería o do impulso institucional e social do uso da lingua galega, co fin de acadar para esta máis presenza no noso país e máis espazos de uso nos diferentes sectores sociais. Para iso, crearíase unha estrutura estábel da que dependesen os servizos de

normalización lingüística, con órganos de decisión nos que participarían as distintas entidades consorciadas.

A creación deste Consorcio foi incluída nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2007 e no Programa operativo dese mesmo ano da SXPL, presentado no Parlamento galego o 7 de marzo de 2007. Logo iniciouse unha rolda de presentacións a deputacións e concellos das cidades galegas coa que se foi conseguindo o compromiso desas entidades para formar parte do novo organismo (nalgúns casos incluso xa coa reserva orzamentaria correspondente), con continuas informacións públicas, tanto no web oficial da Xunta como en distintos medios de comunicación ao longo de todo o ano. Incluso no debate de política xeral sobre a situación política de Galiza, que tivo lugar o 3 de outubro de 2007, o Pleno da Cámara aprobou unha resolución presentada polo PSdeG-PSOE na que se instaba á Xunta a promover «unha estratexia de coordinación da planificación lingüística nos distintos ámbitos territoriais de Galicia, a través do Consorcio para a Planificación Lingüística, co que se lle dará un impulso institucional e social ao uso, ao coñecemento e á divulgación da lingua galega nos diferentes sectores sociais».

Mais a pesar de todo iso, dos pasos dados, dos acordos, dos compromisos conseguidos doutras administracións, da publicitación do proxecto, da asignación orzamentaria, da información publicada e do acordo parlamentario, nese 2007 o Consorcio non se constituíu. E, aínda que nos orzamentos de 2008 volveu incluírse unha contía económica destinada á súa creación, a día de hoxe, sen ningún tipo de explicación oficial, só se sabe que a constitución dese organismo fundamental para a planificación lingüística foi paralizada por parte da SXPL e, polo tanto, as súas obrigas e os seus compromisos foron incumpridos.

A necesidade dese Consorcio para a Planificación Lingüística será analizada máis polo miúdo na mesa de traballo posterior a este relatorio.

2.2 A capacidade de transversalidade nas accións da Secretaría Xeral de Política Lingüística e as accións doutros departamentos en relación coa lingua

Como xa se comentou ao inicio do relatorio, na análise do cambio dunha Dirección Xeral a unha Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Goberno no seu conxunto é o responsábel da política lingüística, mais a SXPL é o órgano superior encargado de dirixila, planificala, coordinala e executala.

E a verdade é que, con maior ou menor grao de intensidade, e con mellor ou peor criterio e planificación, foron diversas as accións transversais levadas a cabo desde distintas instancias da administración autonómica, mais o que honestamente nos é inviábel analizar no relatorio é até que punto a SXPL cumpriu a súa función de coordinar esas medidas ou de, cando menos, realizar os correspondentes informes sobre elas, aínda que tendo en conta que a intensidade e os criterios aplicados a distintas medidas non foron os mesmos, aparentemente fai pensar que non foi un único órgano –a SXPL–, a que dirixiu, planificou e coordinou as accións de todos os departamentos.

Algunhas desas accións que podemos destacar en relación coa lingua desenvolvidas por outros departamentos e nas que non sabemos en que medida actuou a SXPL, mais que sen dúbida supuxeron avances, maiores ou menores, mais avances, para a lingua son, por exemplo, as Galescolas impulsadas desde a Vicepresidencia ou os diversos proxectos vencellados á galeguización de software impulsados desde a Consellería de Innovación e Industria.

E destacábeis son tamén os diversos avances na lexislación en materia de lingua, nos que non imos pararnos, pois serán tratados nestes mesmos Encontros nun relatorio específico por parte da profesora Alba Nogueira. Mais entre eses avances en lexislación autonómica podemos citar o novo marco da

lingua no ensino fixado polo Decreto 124/2007 de uso e promoción do galego no sistema educativo; a obriga de todos/as os/as empregados/as públicos/as de realizaren, cando menos, unha proba das do proceso selectivo en galego e que a avaliación do seu rendemento teña en conta o grao de cumprimento do PXNLG, o que se estableceu na Lei 13/2007, pola que se modifica a Lei da función pública de Galicia; a esixencia de que todas as axudas públicas valoren para a súa concesión o uso do galego na realización das accións subvencionadas, introducida na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; ou a obriga de respecto dos dereitos lingüísticos da cidadanía fixada no proxecto de Lei do comercio.

Mais logo, na aplicación práctica dalgúns deses avances establecidos nas normas hai bastante disparidade de criterio dentro da propia administración autonómica, o que fai deducir que a coordinación por parte da SXPL para a aplicación non foi, cando menos, de todo efectiva. Comentamos a continuación algúns exemplos.

Cando a reforma da Lei da función pública fixou que «as bases das convocatorias establecerán que unha ou máis das probas do proceso selectivo se deberán realizar exclusivamente en lingua galega, e iso sen prexuízo doutras probas adicionais, que se puidesen prever, para aqueles postos de traballo que requiran un especial coñecemento da lingua galega», na maioría das convocatorias de prazas isto resolveuse sinalando que esa proba que se ten que realizar exclusivamente en lingua galega sexa a tipo test.

Ou, por exemplo, con respecto ás subvencións, cando a Lei 9/2007 obriga claramente a que se avalíe «en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda», non todas as bases de convocatorias de axudas publicadas desde a entrada en vigor desta lei cumpriron o que nela se establece, e cando si se fixo, que foi maioritariamente, nuns casos a utilización da lingua era requisito imprescindible; noutros valorábase cunha puntuación a maiores, moi variábel

tamén dependendo da convocatoria; noutros a utilización do galego significaba unha contía económica a maiores; e noutros simplemente se establecía que o emprego da lingua galega se tería en conta, mais sen especificar de que maneira.

E onde tamén houbo bastante disparidade de criterio dentro da propia Xunta foi á hora de incluír elementos lingüísticos nos procesos de contratación. Mentres nalgúns pregos de cláusulas si houbo criterios lingüísticos, noutros non.

Xa que logo, todo iso fai deducir que a planificación, dirección e coordinación das accións e medidas transversais dos diversos departamentos en materia de lingua que lle correspondería á SXPL non foi, cando menos, de todo exitosa.

2.3 A formación e a acreditación dos coñecementos de galego

Onde a SXPL quixo facer un esforzo importante na súa acción foi na formación, o que podemos comprobar claramente no grande salto orzamentario que houbo para este concepto a partir de 2007, cando case se duplicou a contía asignada e se pasou de 1.600.000 € a 2.900.000 €.

ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE GALEGO

Despois de que a Xunta pasase a ser membro de ALTE (Association of Language Testers in Europe) en novembro de 2005, desde a SXPL comezouse a levar adiante un necesario proceso de reformulación do modelo de aprendizaxe e de avaliación da competencia en lingua galega. O sistema vixente até ese momento de principalmente dous niveis, iniciación e perfeccionamento, obtidos mediante a realización dun curso de 75 horas cada un ou mediante validación por estudos, tiña que deixar paso a unha nova ordenación. Deste xeito implantáronse unhas novas certificacións, Celga, en cinco niveis, que se corresponden cos niveis de competencia lingüística de

ALTE e que se axustan ás competencias descritas no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa.

Na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os Celga estableceuse que para a obtención destes certificados habería que superar unhas probas que convocaría a SXPL, mais tamén que por estudos se poderían obter validacións deses cinco novos niveis e que os antigos títulos de iniciación e perfeccionamento terían unhas equivalencias con eles.

Principalmente, e na práctica, iniciación ou ESO equivalen a Celga 3 e perfeccionamento ou Bacharelato a Celga 4. En definitiva, con estas equivalencias o que na practica se fixo, como denunciaron en reiteradas ocasións diversos colectivos, foi consagrar o antigo modelo de cursos de iniciación e de perfeccionamento e dar por feito que no sistema educativo regrado non houbo ningún tipo de problemas con respecto á adquisición da competencia en lingua galega. Todos os galegos e todas as galegas que nalgún momento fixeron un deses cursos de 75 horas de perfeccionamento ou que fixeron o BUP teñen xa, dun xeito ou doutro, o certificado que acredita a máxima competencia en lingua esixida para os postos de traballo da administración pública.

O que podería ser unha moi boa oportunidade para a normalización da lingua, cunhas validacións xustas que motivasen principalmente aos traballadores e ás traballadoras da administración a seguir formándose en lingua, para así obter un nivel oficial superior que agora xa ten practicamente todo o mundo por defecto, foi desaproveitada, e o criterio de non crear problemas, de non molestar, de non provocar que o persoal ao servizo da administración se vexa na obriga de formarse para atender á cidadanía, de evitar posíbeis conflitos, superou o criterio normalizador, o que se ilustra claramente coa pregunta que o voceiro de lingua do PSdeG-PSOE no Parlamento, Francisco Cerviño, fixo o 17/9/07 (*BOPG* 404, 8/9/07): “En termos de validacións administrativas, a introdución do novo sistema vai supor algún prexuízo para os cidadáns que

posúen os diplomas de iniciación e perfeccionamento da lingua galega, correspondentes ao sistema anterior?"; á que a secretaría xeral de Política Lingüística, Marisol López, lle respondeu: "Para os efectos da función pública galega, nas súas convocatorias de probas de acceso, contratacións laborais e concursos de traslado, o certificado de iniciación, o de galego oral e mais o de perfeccionamento, van manter a súa validez administrativa, ao pé dos novos Celga".

FORMACIÓN EN LINGUA

Mais por un lado están os certificados acreditativos de coñecemento, e por outro todo o sistema de formación en lingua, no que se ben é certo que se deron algúns pasos sobre contidos e métodos docentes, tamén é certo que pouco ou nada se avanzou nos aspectos organizativos máis importantes, como a planificación e convocatoria dos propios cursos ou na selección de profesorado.

Os cursos, todos eles gratuítos, séguense desenvolvendo maioritariamente baixo demanda, sen unha planificación territorial previa e con claros erros repetidos ano tras ano: sen orientación sobre cal é o nivel máis axeitado para cada persoa segundo os seus coñecementos previos; con prazos de matrícula nas probas que rematan antes de comezaren os propios cursos; sen ningún tipo de coordinación cos SNL, que xestionan boa parte desas accións formativas por todo o país e aos que se lles obriga, na práctica, a pechar prazos de preinscrición incluso sete meses antes de comezar o propio curso, ou aos que non se lles garante a organización dun curso antes de pecharen a matrícula; etc.

E todo iso, ao que se lle dedican cada ano case tres millóns de euros, sen crear unha mínima estrutura técnica e docente estábel e profesionalizada e continuando cun precario, e precarizante, sistema de profesorado colaborador en paro e sen contrato.

2.4 As medidas de fomento do uso da lingua galega desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística

E durante os catro anos de lexislatura foron diversas as accións de fomento do uso da lingua desenvolvidas desde a SXPL.

Para unha análise minimamente obxectiva de todas esas accións cumpriría unha avaliación do nivel de resultados acadados de acordo cos obxectivos marcados, e descoñecemos se a SXPL foi facendo esas avaliacións de resultados, mais a nós desde aquí énos totalmente imposíbel poder facelas.

Tamén, tendo en conta que o marco de todas as accións é o PXNLG, sería interesante unha análise dos obxectivos cumpridos en cada un dos sectores dese plan ou, cando menos, do número ou porcentaxe de medidas xa aplicadas. Así poderíamos ver non só o que se fixo, senón tamén o que se deixou de facer. Mais séguenos quedando pequeno este relatorio para tal fin, polo que o único que podemos incluír é unha relación e uns comentarios xerais dalgunhas das accións.

Precisamente, para facer seguimento permanente do PXNLG e para valorar o impacto das accións de fomento do galego, ademais de para coñecer a situación xeral da lingua na sociedade, a SXPL creou o Observatorio da Lingua Galega, servizo que lle foi concedido a unha empresa externa. Aínda que a través deste servizo se deron a coñecer algunhas análises e informes de diversos ámbitos, descoñecemos se está a facer tamén avaliacións concretas e propostas de reorientación das medidas e accións desenvolvidas desde a Xunta.

CAMPAÑA E LOGO!

Boa parte dos recursos foron destinados a unha campaña, *E logo!*, que, aínda que incluíu algunha medida concreta puntual, centrouse principalmente en

accións publicitarias e promocionais a través de prensa, radio, televisión, rede, soportes de rúa e reparto de agasallos. Sen entrar a valorar os lemas utilizados, sempre discutíbeis por cuestións de gustos ou conveniencias, si podemos comentar que toda a campaña, desenvolvida en varios anos e na que se levan investidos 2.500.000 € –segundo os pregos consultados en versión bilingüe no web da SXPL– foi desenvolvida principalmente con criterios publicitarios e de mercadotecnia, e non con criterios técnicos de planificación lingüística.

Algunhas cuestións que se poden destacar desta campaña son a forte presenza publicitaria e os esforzos por chegar con mensaxes positivas á xente nova, utilizando para iso unha imaxe moderna e atractiva, dándolle protagonismo á rede, procurando en certa medida participación en actividades puntuais (xogos, concursos, etc.) e utilizando algúns elementos innovadores e rechamantes, como o Contador ou a Cova. Tamén se poden destacar algunhas das accións enmarcadas dentro da *Xeración E logo!*, pensando na transmisión familiar da lingua desde os primeiros anos, como a distribución durante o embarazo e/ou parto de material informativo, xogos de iniciación, listaxes de nomes ou cantos de berce, e tamén as festas e encontros dos Axóuxeres.

CAMPAÑA DE ANIMACIÓN LINGÜÍSTICA

Outra campaña que se pode comentar é a de animación lingüística a través de actividades vencelladas co libro e a lectura e que se desenvolveu durante o último ano a través de convenios con diversas editoriais. Aínda que os obxectivos e os contidos das accións non tiñan nada especialmente novidoso (contacontos, representacións teatrais, obradoiros, etc.), cómpre destacar dous aspectos positivos desta campaña: en primeiro lugar e por primeira vez, as actividades espalláronse territorialmente por todo o país, xa que se realizaron en máis de 70 concellos e, en segundo lugar e tamén por primeira vez, en parte tivéronse en conta os SNL dos concellos, con quen individualmente se acordou a programación e xestión dalgunhas das actividades.

OUTRAS ACCIÓNS

E outras das accións e puntuais campañas desenvolvidas que non podemos agora analizar detidamente, mais que non debemos deixar de citar son, por exemplo, de galeguización da telefonía móbil, con resultados, cando menos de momento, ben cativos, con moi poucos teléfonos en galego e con escaso cumprimento dos compromisos por parte das compañías telefónicas; de etiquetaxe, mais só de viño; de galeguización de notaría; etc. Tamén se pode citar o microespazo televisivo *Ben falado*.

EXPOSICIÓN AS NOSAS PALABRAS, OS NOSO MUNDOS

E, aínda que non dirixida só ao país, senón tamén ao exterior, podemos citar *As nosas palabras, os nosos mundos*, unha exposición itinerante sobre a diversidade lingüística e a lingua galega para fomentar, como textualmente se recolle no seu sitio web⁷, «a valoración positiva do plurilingüismo» e que «mostra aquelas boas prácticas que se están a levar a cabo desde Europa, e especialmente desde Galicia». Esta exposición, que saíu a concurso por 1.500.000 €, polo momento estivo en Santiago de Compostela, Vilagarcía de Arousa, Bilbo, Bruxelas, Vigo, Madrid e A Coruña; na actualidade está en Sevilla e proximamente visitará Lugo, Bos Aires e Ourense. Sen entrar a valorar o impacto que unha exposición pode ter para a normalización da lingua galega, a simple vista os recursos investidos semellan esaxerados para os obxectivos marcados, sobre todo cando a accións bastante máis prioritarias se lles dedican moitos menos recursos.

2.5 As subvencións, os convenios e a colaboración con entidades e sectores

Ademais das accións de fomento do uso da lingua galega desenvolvidas directamente desde a SXPL, boa parte dos recursos destináronse, como é

⁷ www.asnosaspalabras.org

lórico e necesario, a apoiar e/ou incentivar as accións de incremento do uso e prestixio da lingua galega desde outras entidades, a través de subvencións, convenios e/ou outras fórmulas de colaboración: administración local, empresa, medios de comunicación, asociacións e ensino son algúns dos ámbitos.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

As axudas da Xunta á administración local para a creación ou mantemento de SNL e para o desenvolvemento de campañas de normalización convócanse xa desde 1991. A convocatoria faina formalmente a Dirección Xeral de Administración Local, mais o 85% dos fondos proceden da SXPL. Aínda que foi, principalmente nos anos 90, a raíz destas subvencións como se foron creando os primeiros SNL municipais, agora os seus resultados son ben escasos, por non dicir nulos.

Na última lexislatura fóronse introducindo algúns cambios nestas subvencións, mais non precisamente para mellor. Por exemplo, segundo datos do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) recollidos directamente das resolucións e dos concellos, coa convocatoria de 2007 só 7 dos 41 concellos que recibiron a subvención para a creación do SNL decidiron mantelo activo máis aló de finais dese ano; e en moitos dos casos o que vén sendo habitual é que os concellos contraten unha persoa durante un ou dous meses para xustificar a subvención e logo non manter en funcionamento o SNL. E esta situación, como cada ano se denuncia desde diversos ámbitos, nomeadamente desde a CTNL, sen obter nunca unha resposta positiva por parte da Xunta, débese sobre todo á tardanza na convocatoria, á tardanza na resolución e ao escaso tempo de xustificación. Cando se concede a subvención, inmediatamente xa a hai que xustificar. E débese tamén aos propios criterios da convocatoria e á visión desfasada e reduccionista que desde a SXPL e desde a DXAL se demostra ter dos SNL, aos que se lle dedican 800.000 euros que polos criterios das convocatorias non son na práctica aproveitados para a normalización lingüística. E o pouco que eran aproveitados eses cartos era unicamente para o mantemento dos SNL que, curiosamente, na convocatoria

de 2008 a Xunta deixou de financiar, o que provocou, como é lóxico, e outra vez segundo datos do CDSG, que ningún concello recibise subvención para manter o seu SNL e que dos 28 que a solicitaron para a creación, 16 renunciásen a ela e só catro concellos tivesen previsto manter o SNL máis aló de finais de ano, e iso grazas a outras axudas, como as da Deputación da Coruña.

A solución a esta situación dos SNL, aos recursos desaproveitados por parte da Xunta, e ao non cumprimento da SXPL da súa función de impulsar e coordinar os SNL pasa pola constitución do Consorcio para a Planificación Lingüística, mais mentres tanto, a SXPL recibiu propostas temporais moito máis positivas que sempre desatendeu e ten exemplos de modelos que si funcionan, mais que non quere imitar, como os convenios de cooperación da Deputación da Coruña cos concellos da provincia, que esta mesma tarde nos explicará nestes Encontros o deputado responsábel Xoán Sande.

EMPRESA

E para outro dos ámbitos para o que desde hai anos a Xunta viña mantendo unha liña de axudas é para o da empresa. Mentres en anteriores lexislaturas se convocaban subvencións para a galeguización de empresas, a nova SXPL decidiu mudar esa convocatoria por un convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). É posíbel que coas anteriores subvencións non se acadasen os resultados desexados, sobre todo polos criterios de concesión pouco claros e polo escaso ou nulo control de cumprimento, mais co convenio coa CEG, por unha banda, aínda que se crearon departamentos técnicos que desenvolven un importante labor, o pouco compromiso real desa entidade fixo que non se acadaran resultados mellores, e por outra, deixouse de incentivar directamente a empresas que si están interesadas en dar pasos cara á normalización da lingua.

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Con respecto aos medios de comunicación, mentres o goberno do PP en anteriores lexislaturas dedicaba para este fin arredor de 6.000.000 €, a partir de 2007 a SXPL reduciu esa cantidade a algo máis da metade (3.400.000 €), mais mantendo uns convenios, en teoría para fomentar o uso da nosa lingua na prensa, que na práctica se destinan ao financiamento de xornais galegos e estatais nos que en moitos casos a lingua galega ten unha presenza totalmente residual e, nalgúns casos, incluso un tratamento claramente pexorativo.

Por exemplo, algúns dos medios que anualmente recibiron parte deses máis de tres millóns de euros para potenciar o uso do galego foron: *ABC* (40.000 € anuais); *La Voz de Galicia* (150.000 €); *Faro de Vigo* (150.000 €); *La Opinión* (34.615 €); *El País* (100.000 €); *El Correo Gallego* (104.618 €); *Diario de Pontevedra* (39.334 €); *El Progreso* (58.208); *El Ideal Gallego* (58.901 €); etc.

ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO

E nas subvencións que xa se viñan convocando noutras lexislaturas dirixidas a entidades sen fin de lucro para o fomento do uso do galego houbo algúns cambios. Mentres antes esta liña de axudas estaba dirixida ao financiamento de actividades que se desenvolvesen «en galego», aínda que os seus obxectivos non fosen normalizadores, desde a nova SXPL indicouse que as actividades deberían ser non só «en galego», senón «para o galego», isto é, actividades normalizadoras, e que ademais deberían estar dirixidas a fomentar o uso da lingua galega nos ámbitos da infancia, da mocidade, do tempo de lecer e das unidades convivenciais. Mais, abonda con botarlle un ollo ás resolucións da convocatoria para decatarse que, en moitos casos, as entidades e actividades subvencionadas ao final son practicamente as mesmas: rotulación, documentación, cartelaría, trípticos ou outra publicidade de actividades de todo tipo (festas, actividades deportivas, etc.).

ENSINO

Con respecto á colaboración cos centros de ensino, aínda con moitos aspectos por mellorar, houbo algúns avances destacábeis que non se percibiron noutros

ámbitos, pois modificáronse algúns dos criterios de concesión de axudas aos ENDL así como os prazos das convocatorias, que permiten unha maior previsión para a actividade destes equipos. De todos os xeitos, séguese optando pola vía da subvención e non pola vía do financiamento estábel. Ademais, con respecto aos centros de ensino cómpre destacar tamén positivamente o asesoramento que reciben os ENDL, coa existencia dun gabinete central e catro provinciais, coa organización de xornadas e actividades de formación, coa edición de materiais para a planificación lingüística e con formación sociolingüística para o profesorado desde os Cefores.

En definitiva, con respecto ás accións consistentes na colaboración con entidades e sectores a través de subvencións ou convenios seguiuse exactamente o mesmo esquema xeral desde a nova SXPL que desde a antiga DXPL, con algúns pequenos cambios en métodos, prazos ou criterios (cambios non sempre para mellor), pero sen abrir novas vías e seguindo coa mesma relación de subvencións e convenios.

2.6 A difusión exterior

E, para finalizar coa análise das accións de política lingüística desde o goberno galego nos últimos catro anos, facemos unhas anotacións sobre a difusión exterior.

Volvendo ao acordo que PSdeG-PSOE e BNG asinaron en xullo de 2005 sobre as bases programáticas para a acción do goberno, lembramos que un dos puntos era, textualmente, «crearase unha institución para a promoción exterior da lingua e da cultura en Galicia». Non fai falta dicir que este punto do acordo ficou no esquecemento, isto é, no incumprimento.

Esta institución, que non podería ser un organismo exclusivo da SXPL, sería a que tería que, entre outras cousas, planificar, coordinar e profesionalizar os centros de estudos galegos no exterior e os lectorados, ademais, claro está, doutras accións máis vencelladas ao coñecemento de Galiza e á difusión da súa historia e cultura polo mundo, como o Instituto Camões para Portugal, o Institut Ramon Llull para Catalunya ou o acabado de nacer Etxepare Institutua para Euskadi.

Mais, en vez da creación desa institución, optouse por manter con exclusividade de competencias e en ir aumentando aleatoriamente unha rede de lectorados na que, a pesar dos incrementos no investimento e nalgúns avances en intentos de coordinación e formación, a falta de planificación e a precariedade segue sendo liña xeral.

3 CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS XERAIS

E, aínda que de xeito unhas veces implícito e outras explícito ao longo do relatorio xa se foron dando algunhas conclusións e propostas, para finalizar consideramos oportuno facer unhas breves conclusións xerais e dar tamén algunhas propostas de cara á vindeira lexislatura. E querémolo facer dun xeito claro e o moi conciso:

3.1 Cinco conclusións xerais desta lexislatura

- Aínda que ao longo da lexislatura houbo algúns avances en política lingüística, estes quedaron moi afastados das expectativas e das necesidades que había no ámbito da normalización. E cando a situación sociolingüística empeora e as medidas non avanza proporcionalmente a ese empeoramento, realmente estase a recuar.
- Aínda que se valora como algo positivo a substitución dunha dirección xeral por unha secretaría xeral, manter practicamente a mesma estrutura, os mesmos recursos e as mesmas accións fixeron que os avances en política lingüística nesta lexislatura fosen mínimos con respecto ás anteriores.
- Unha das carencias máis graves detectadas é a da falta de organismos técnicos de planificación e, polo tanto, de persoal especializado. Esta grave carencia condicionou na práctica a falta de planificación xeral con criterios técnicos e a improvisación de accións ao longo da lexislatura.
- Aínda que os recursos destinados á política lingüística non foron os suficientes, os mesmos, só destinados para a normalización e non para outras cousas, aplicados con outros criterios técnicos, cun cadro de prioridades ben establecido, con políticas activas e participativas e cunha acción transversal coordinada, poderían dar resultados ben distintos.
- Durante toda a lexislatura foi tónica xeral a non consideración das demandas e propostas das propias entidades implicadas na

normalización. Non se desenvolveron mecanismos de participación social nin sequera foros de debate, nin formais nin informais, para discutir propostas e unir esforzos en política lingüística. Esa unilateralidade na acción provocou unha fenda nada positiva entre a SXPL e outros organismos e entidades implicadas na normalización lingüística.

3.2 Cinco propostas xerais para a vindeira lexislatura

- O goberno galego ten que desenvolver unha política lingüística activa e participativa que teña por obxectivo o incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos, e a SXPL ten que realmente planificar, dirixir e coordinar a acción transversal desde o conxunto da Xunta, polo que todos os departamentos deben aplicar nas súas accións criterios coherentes e con obxectivos normalizadores claros (a través das contratacións, subvencións, campañas, información, centros, publicacións, formación, etc.).
- A Xunta de Galicia ten que destinar máis recursos para a política lingüística. Consideramos que para a vindeira lexislatura se debería chegar a un mínimo do 0,3% do orzamento total da Xunta.
- A SXPL debe dotarse dunha estrutura máis completa, cun cadro de persoal moito máis amplo, con persoal técnico especializado en planificación lingüística e con servizos específicos para as diversas accións e demandas que require o proceso normalizador. Debe facerse, xa que logo, un claro investimento en formación de profesionais e en capital humano.
- O Consorcio para a Planificación Lingüística faise cada vez máis necesario. Na vindeira lexislatura é imprescindible a súa constitución, con obxectivos normalizadores claros, con suficiente dotación orzamentaria, con suficientes recursos humanos multidisciplinares e cunha rede de centros territoriais distribuídos por todas as comarcas.

- Na vindeira lexislatura deben artellarse mecanismos de participación social e a SXPL debe traballar da man con todas aquelas entidades e sectores implicados no incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos. Sumar esforzos é imprescindible.

4 ANEXO 1: Cadros de análise orzamentaria de Política Lingüística na Xunta de Galicia (2005-2009)

Cadro de orzamentos por capítulos/conceptos e totais de Política Lingüística 2005-2009

Capítulo/concepto	2005 PP	2006 PSOE-BNG	2007 PSOE-BNG	2008 PSOE-BNG	2009 PSOE-BNG
Capítulo 1 Gastos de persoal					
Total Capítulo 1 Gastos de persoal	Non contabilizado no orzamento da DXPL	1.303.332	1.603.154	1.856.837	2.051.393
Capítulo 2 Gastos en bens correntes e servizos					
Total Capítulo 2 Gastos en bens correntes e servizos	161.970	164.594	226.819	229.435	208.327
Capítulo 4 Transferencias correntes					
A sociedades públicas e entes da comunidade autónoma					
Consortio de Planificación, Investig. e Dinamización da Lingua	-	-	540.000	640.936	-
A empresas privadas					
Subvencións					
Programas de promoción do galego	680.000	680.000	50.000	5.000	291.894
Subvencións a empresas editoriais para proxectos en lingua galega	1.202.025	1.202.025	1.058.410	1.050.000	1.050.000
Subvencións a centros privados para equipos de normalización	62.500	62.500	65.000	81.250	97.500
A familias e institucións sen fin de lucro					
A familias					
Bolsas de investigación persoal do Centro Ramón Piñeiro	390.958	460.958	470.000	465.000	485.000
Bolsas persoal investigador, lectores e estadias no Centro Ramón Piñeiro	63.106	63.106	63.106	63.106	63.106
Bolsas nos lectorados das universidades e centros de estudos de fóra de Galicia	No capítulo 7	No capítulo 7	300.000	270.000	240.000

Capítulo/concepto		2005 PP	2006 PSOE-BNG	2007 PSOE-BNG	2008 PSOE-BNG	2009 PSOE-BNG
A institucións sen fin de lucro						
	Subvencións a accións de promoción da lingua galega	997.090	1.098.090	1.200.000	1.200.000	1.200.000
	Programas de promoción do galego	30.051	30.051	30.051	5.051	5.051
Total Capítulo 4 Transferencias correntes		3.425.730	3.596.730	3.776.567	3.780.343	3.432.551
Capítulo 6 Investimentos reais						
	Investimento asociado ao funcionamento dos servizos (edificios, mobiliario, equipos informáticos, publicacións, etc.)	654.476	654.476	480.000	330.000	250.000
Gastos en investimento de carácter inmaterial						
	Campañas de normalización	3.756.579	4.076.000	5.712.374	5.712.374	5.236.835
	Estudos e traballos de investigación	907.043	980.052	1.500.000	1.450.000	1.281.461
	Cursos e actividades de formación	1.492.430	1.600.000	2.900.000	2.900.000	2.633.200
	Proxectos de fomento e formación dos centros educativos non universitarios	680.000	680.000	800.000	1.000.000	1.000.000
	Convenios con medios de comunicación	6.400.000	6.400.000	3.400.000	3.400.000	3.087.200
	Outros convenios	671.012	671.012	671.012	671.012	609.278
Total Capítulo 6 Investimentos reais		14.561.540	15.061.540	15.463.386	15.463.386	14.097.974
Capítulo 7 Transferencias de capital						
A sociedades públicas						
	Consortio Audiovisual de Galicia	-	-	120.000	120.000	120.000
	Consortio de Termigal	-	-	149.301	149.301	-
	Consortio de Planificación da Lingua Galega	-	-	200.000	247.851	-
	A corporacións locais para formación do persoal e normalización lingüística	751.266	788.030	648.030	648.030	648.030
A empresas privadas						
	Universidades privadas	19.233	20.195	25.000	33.000	21.500
A familias e institucións sen fin de lucro						
	Real Academia Galega	60.102	60.102	60.102	60.102	60.102
	Fundación Galicia-América	60.100	60.100	60.100	60.100	60.100
	A universidades do resto de España	125.541	131.819	145.000	145.000	186.400
	Bolsas lectorados	272.240	288.575	No capítulo 4	No capítulo 4	No capítulo 4
Ao exterior						
	A universidades e centros do estranxeiro para a creación de lectorados e centros de estudos galegos	393.213	412.874	454.162	454.162	645.000

Capítulo/concepto	2005 PP	2006 PSOE-BNG	2007 PSOE-BNG	2008 PSOE-BNG	2009 PSOE-BNG
Total Capítulo 7					
Transferencias de capital	1.681.695	1.761.695	1.861.695	1.917.546	1.741.132
Total orzamento anual	19.830.935	21.887.891	22.931.621	23.247.547	21.531.377
Total orzamento anual sen capítulo 1⁸	19.830.935	20.584.559	21.328.467	21.390.710	19.479.984

Cadro de evolución dos orzamentos de Política Lingüística en comparanza cos orzamentos totais da Xunta 2005-2009

Orzamento	2005 PP	2006 PSOE-BNG	2007 PSOE-BNG	2008 PSOE-BNG	2009 PSOE-BNG
Orzamento total anual da Xunta	8.824.321.891	9.620.664.287	10.467.815.583	11.224.465.979	11.417.385.495
Incremento con respecto ao ano anterior	-	+9,0%	+8,8%	+7,3	+1,7%
Orzamento total anual da SXPL	19.830.935	21.887.891	22.931.621	23.247.547	21.531.377
Porcentaxe con respecto ao total do orzamento da Xunta	0,2247%	0,2275%	0,2191%	0,2071%	0,1886%
Crecemento con respecto ao ano anterior	-	+10,4%	+4,8%	+1,4%	-7,4%
Orzamento total anual sen capítulo 1 da SXPL	19.830.935	20.584.559	21.328.467	21.390.710	19.479.984
Porcentaxe con respecto ao total do orzamento da Xunta	0,2247%	0,2140%	0,2038%	0,1906%	0,1706%
Crecemento con respecto ao ano anterior	-	+3,8%	+3,6%	+0,3%	-8,9%

⁸ Debido a que os orzamentos da Dirección Xeral de Política Lingüística en 2005 non incluían os gastos de persoal, pois estes estaban inseridos nos gastos globais de persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para facer mellor a comparanza amósanse os datos da Secretaría Xeral da Política Lingüística entre 2006 e 2009 tamén sen ese capítulo 1 de gastos de persoal.

Nel Vidal Barral

Artes, Ribeira (1980)

Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). En 2002 foi bolseiro do Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela. Desde 2003 é responsábel técnico do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo. Desde marzo de 2007 é presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) (www.ctnl.org), a entidade que agrupa a práctica totalidade das/os traballadoras/as do ámbito da normalización lingüística en Galiza, e tamén desde ese ano é membro da Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega. En 2008 foi director de Cultur.gal, Feira galega das industrias culturais.